
A mobilización necesaria en Comercial

Como temos informado con anterioridade, o Comité da Coruña acordou desconvocar o paro do mércores 3 de xuño en Comercial nunha reunión extraordinaria da súa permanente celebrada o pasado luns 1 de xuño. A decisión tomouse por unanimidade baseada nos seguintes argumentos:

- A folga, con convocatorias que abranguían todo o territorio Norte, estaba desconvocada case na totalidade das provincias do territorio, os datos dos que dispoñíamos nese momento eran que só quedaba a provincia da Coruña sen desconvocar. Algúns comerciais consultados non eran partidarios de que só se parase nesta provincia cando a convocatoria foi feita para todo o territorio Norte.
- Os puntos desa convocatoria incluían a retirada das cartas ameazantes aos comerciais e o escrito enviado pola empresa recollía esa demanda polo que algúns entendían que podía ser motivo suficiente para desconvocar. Tamén é certo que o resto das cuestións quedaban sen definir e sen concretar medida algunha co que poden quedar en nada.
- No caso concreto da provincia da Coruña hai motivos máis que suficientes para mobilizarse, a presión constante que se está a padecer no departamento precisa dunha resposta contundente por parte dos traballadores e traballadoras.

En base ao anterior tomouse o acordo de desconvocar o paro do día 3 e convocar unha nova xornada de folga na terceira semana de xuño (barállanse as datas do 18 ou 19 de xuño). Esta nova convocatoria vai demandar cuestións concretas dos problemas que existen nos departamentos de Comercial. **O paro, ao igual que o anterior, convocarase na área de Comercial nos centros de Riazor e Hércules.**

Iniciaranse contactos con outros comités para ver a posibilidade de facer a convocatoria a nivel galego pois a Xefatura abrangue as catro provincias. O vindeiro venres 5 de xuño temos Pleno do Comité onde se falará deste punto, analizaranse propostas para pechar os puntos que se deben incluír na convocatoria de folga.

Ademais do paro, buscarase unha data para facer unha concentración na porta da central de Hércules e unha manifestación o mesmo día do paro. Haberá unha reunión coa empresa (Comisión de Xestión) o 10 de xuño para tratar, entre outros, temas de Comercial.

Dende a CIG insistimos na necesidade de concienciarnos e mobilizarnos para defender os nosos dereitos laborais, tamén facemos fincapé en que as loitas abertas (contratas, Extel, Atento...) forman parte do mesmo problema: **un modelo empresarial que recorta dereitos e salarios ao tempo que reparte obscenos beneficios entre os directivos destas grandes empresas.** Non podemos permitir que a dirección da empresa pretenda amañar as súas erradas decisións sometendo aos comerciais a unha presión insoportable.

Lembramos que o venres 5 de xuño hai convocados paros en Extel e Atento polo constante deterioro das condicións laborais.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 3 de xuño de 2015